PLAN MUNICIPAL DE INMIGRACIÓN E RETORONO DO CONCELLO DE TUI. (PIR)

AMBITO TERRITORIAL

O Plan Municipal de Inmigración e Retorno do Concello de Tui abrangue o termo municipal de Tui.

VIXENCIA

Dous anos dende a data de publicación

DEPARTAMENTO DO QUE DEPENDE O PIR

Concellería de Servicios Sociais, Educación e Muller

DATA DE APROBACIÓN DO PLAN

Aprobado en sesión Plenaria de data 25/03/2010 .

DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN DA INMIGRACION /RETORNO

Características ,evolución e situación

A poboación inmigrante ascende a un total de 742 cidadáns empadroados/as no concello de Tui, dos que 398 son homes e 344 mulleres, supoñendo un total de 4,321% da poboación total empadroada a data 23/02/2010. O que converte a Tui nun dos seis concellos da provincia de Pontevedra onde a poboación inmigrante supón máis do catro por cen da poboación.

Representando trinta nacionalidades distintas, das que sete pertencen a territorio europeo, (393 cidadáns) e as vintetrés restantes extracomunitarias (349 cidadáns).

Polo seu carácter fronteirizo destaca en Tui o maior número de persoas inmigrantes de nacionalidade portuguesa que acadan os 342, sendo o 1,991% da poboación total empadroada.

Na poboación estranxeira extracomunitaria residente no concello destacan polo seu número os residentes de nacionalidade marroquí acadando os 134 e supoñendo respecto a porcentaxe de poboación xeral o 0,780%.

Cabe destacar a evolución que sufriu o alumnado en ensinanza obrigatoria no que a poboación inmigrante se refiren sendo no curso 2002/03 de 92 e no 2006/07 de 181 alumnos/as.

PRINCIPIO REITORES

- cidadanía

    - Para lograr a integración efectiva de todas as persoas, é imprescindible partir do recoñecemento dos dereitos humanos a todas elas en igualdade de condicións. Independentemente de que o seu estatuto xurídico poida ser diferente, todas as persoas son iguais e teñen a mesma dignidade.

      Segundo a Comunicación de novembro de 2000 da Comisión Europea, enténdese por "cidadanía cívica" un conxunto de dereitos e obrigas cívicos, sociais, económicos e culturais dos inmigrantes, que dan lugar a igualdade de trato e de oportunidades entre a poboación inmigrada e autóctona e ao recoñecemento de dereitos de participación da vida pública.

- normalización

    - O acceso aos diversos servizos e programas públicos e privados debe estar aberto a todas as persoas con independencia da súa orixe.

      O principio de normalización comporta que as persoas inmigrantes accedan a estes servizos e programas polas canles normalmente utilizadas polo conxunto da poboación, evitando as situacións de segregación que poderían xurdir coa creación de estructuras paralelas. Así a todo, este principio normalizador non elude a creación de servizos específicos ou programas concretos, cando así se requira nalgunha das fases do proceso de integración, co obxecto de atender de xeito diferenciado as situacións que o precisen con carácter temporal ou transitorio.

- integración e acomodación

    - A consecución da convivencia intercultural nas sociedades actuais precisa que a xestión dos procesos de integración e acomodación das persoas inmigrantes, poboación local e institucións nos novos contextos sociais se inspire na concepción destes como procesos dinámicos, bidireccionais e de adaptación mutua.

Primeiro dos Principios Comúns Básicos sobre integración, de 19 de novembro de 2004, aprobados polo Consello da Unión Europea, establece que “a integración é un proceso bidireccional e dinámico de axuste mutuo por parte de todos os inmigrantes e residentes dos Estados membros”, salientado como o esforzo pola integración e mutua adaptación ten que ser compartido polo conxunto da sociedade.

- Igualdade

  - Unha sociedade xusta e inclusiva é aquela que ofrece as mesmas oportunidades a todas as persoas, sen diferenciacións por razóns de xénero, etnia, relixión ou calquera outra.

    Este Plan está inspirado no dereito á igualdade ante a lei e a que toda persoa estea protexida contra a discriminación, seguindo a liña establecida pola Directiva 2000/43/CE do Consello, de 29 de xuño de 2000, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato das persoas independentemente da súa orixe cultural, ou étnica. Ademais, segundo a Constitución, correspóndelle aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos/as os/as cidadáns/ás na vida política, económica, cultural e social.

    A igualdade entre mulleres e homes implica, ademais, un adecuado enfoque de xénero, que teña en conta o principio de igualdade de oportunidades e a loita contra a discriminación.

- interculturalidade

  - Na actualidade a diversidade cultural está presente en moitas das cidades e vilas galegas. Cando esta realidade vai acompañada dunha actitude aberta e receptiva, na que as diversas culturas conflúen e se intercomunican entre si nun plano de igualdade e poñendo o acento no común e non na diferenza, a diversidade convértese nunha fonte e unha canle de enriquecemento mutuo para todos e todas.

    A interculturalidade entendida como respecto ao dereito á diferencia, e como interrelación e diálogo das diferentes culturas, é a mellor vía para acadar unha boa convivencia.

- corresponsabilidade social

  - Reto da acomodación das persoas na sociedade diversa precisa da extensión dunha cultura da corresponsabilidade, na que deben participar activamente todos os axentes implicados: Administracións públicas, organizacións sindicais e empresariais,

ONGs, asociacións de inmigrantes, etc. e toda a sociedade no seu conxunto.

Así mesmo, a planificación, execución, seguimento e avaliación das políticas públicas precisa da participación das entidades e organizacións sociais que traballan neste ámbito, para garantir a súa continuidade ao longo do tempo.

- integralidade

  - Para que todas as persoas poidan integrarse efectivamente na sociedade deben ter cubertas as súas necesidades económicas, sociais, culturais, educativas, de vivenda, de saúde e laborais; sen descoidar ningún destes ámbitos.

    Así como a integración social dificilmente pode acadarse sen a consecución da inserción laboral, por constituír a principal fonte de ingresos; en moitos casos tampouco é posible alcanzar a inserción laboral sen a posta en práctica de medidas de acompañamento social.

    Partindo desta perspectiva, no Plan articúlanse unha serie de medidas de carácter global e integral, que posibilitan o crecemento e a maior autonomía de cada persoa, abranguendo as distintas dimensións do proceso integrador e de participación cívica.

- transversalidade

  - Para que as políticas de inmigración sexan eficaces, todos e cada un dos diferentes plans, programas e servizos sectoriais (sanitarios, educativos, laborais…) deben planificarse, implementarse e avaliarse tendo en conta a nova realidade da diversidade.

    Para dar resposta de forma axeitada aos retos da sociedade actual, as diferentes políticas sectoriais deben ter presente as necesidades específicas de todas as persoas.

- coordinación

  - A coordinación require de actuacións precisas para crear progresivamente espacios comúns de atención ás persoas, que permitan ofrecer servizos integrais de información, orientación, atención no exercicio das competencias respectivas entre departamentos, organismos ou administracións.

Desenvolvemento do Plan precisa da conxunción de esforzos entre as diferentes institucións para acadar os obxectivos planificados.

OBXECTIVOS XERAIS

- Garantir un dispositivo integral de acollida das persoas inmigrantes / retornadas, en especial daquelas que se encontren en situación de vulnerabilidade
- Facilitar o acceso normalizado aos servizos públicos
- Promover a integración social das persoas inmigrantes
- Impulsar a convivencia cidadá en termos de respecto á diversidade
- Promover a participación das persoas inmigrantes en todos os ámbitos da sociedade
- Promover espacios de encontro entre persoas inmigrantes / retornadas e autóctonas

ÁREAS DE ACTUACIÓN

- acollida
    - Programas de acollida inicial (servizos de información, orientación e asesoramento de carácter xurídico; de información sobre o municipio e o contorno no que viven; de ensinanza das linguas oficiais; desenvolvemento de itinerarios individualizados de inserción...) e de acollida de persoas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade (atención ás necesidades materiais máis básicas, de información e derivación aos servizos públicos de carácter xeral ou específicos para colectivos...)
- atención e garantías xurídicas
    - Programas de información, orientación e asesoramento xurídico; que faciliten a posibilidade de acceder á asistencia xurídica gratuíta nos casos que se teña dereito...
- servizos sociais
    - Programas de reforzo dos recursos organizativos e humanos dos servizos sociais de atención primaria, co obxecto de atender os factores socioculturais da poboación inmigrante; e de formación de profesionais na atención á poboación inmigrante.

- Saúde

    - Apoio a programas de promoción da saúde e asistencia ás necesidades específicas da poboación inmigrante.

- Vivenda

    - Información e orientación sobre recursos de aloxamento na fase de asentamento inicial e de programas de intermediación no mercado da vivenda.

- Educación

    - Programas de acollida educativa, de reforzo educativo, de promoción da educación cívica intercultural, de reforzo da escolarización dos alumnos/as de orixe inmigrante en etapas escolares non obrigatorias, e de fomento de actuacións coordinadas entre os centros educativos e o seu contorno e de actividades de educación non formal e extracurriculares.

- Sociolaboral

    - Apoio a programas de acceso, mantemento e promoción do emprego; reforzo da participación de inmigrantes nas políticas activas de emprego, itinerarios integrados de inserción sociolaboral, e colaboración con entidades de intermediación laboral; fomento da iniciativa empresarial e o traballo por conta propia ou traballo asociado (autoemprego, microcréditos e economía social); e apoio a programas de conciliación.

- participación cidadá

    - Actuacións de fomento da participación dos inmigrantes en entidades representativas do eido social, sindical, cultural, deportivo, veciñal...; así como fomento do asociacionismo das persoas inmigrantes.
    - Participación activa nos medios de comunicación

- Muller

    - Apoio ao acceso normalizado das mulleres inmigrantes en programas dirixidos á poboación en xeral e programas específicos para mulleres; e actuacións dirixidas á integración social das mulleres inmigrantes que se atopan en situación de especial vulnerabilidade (en especial, víctimas de violencia de xénero).

- sensibilización social
    - Campañas de sensibilización dirixidas ao conxunto do municipio ou a sectores específicos (persoas maiores...).
- convivencia intercultural
    - Actuacións e proxectos que dean a coñecer a riqueza da diversidade e fomenten o respecto e a convivencia mutua.
- Mocidade
    - Proxectos que promovan a participación dos rapaces inmigrantes en actividades deportivas, culturais de aire libre de entidades públicas e da iniciativa social.

OBXECTIVOS E MEDIDAS

- Acollida
    - Obxectivo 1: Desenvolvemento duna acollida inicial de carácter integral

      Medidas:
      - 1.1. Fomento de redes de coordinación entre os axentes implicados nos programas de acollida no ámbito local

      - 1.2 Cursos de galego e castelán

    - Obxectivo 2: Mellora do dispositivo de acollida ás persoas en situación de especial vulnerabilidade.

      Medidas:
      - 2.1. derivación a programas de acollida, (sen teito)

      - 2.2. Promoción de proxectos individualizados de acollida integral adaptados a persoas inmigrantes en situación de vulnerabilidade social

- Servizos sociais

    - Obxectivo 1: Proporcionar unha atención integral ao conxunto de necesidades básicas na acollida inicial.

      Medidas:
      - 1.1. Atención ás necesidades específicas das persoas inmigrantes dende a rede ordinaria de servizos sociais.

      - 1.2. Servizos de intérpretes nos casos que resulte necesario.

    - Obxectivo 2: Adecuar os servizos existentes ás necesidades da realidade social diversa.

      Medidas:
      - 2.1. Formación en interculturalidade a profesionais que traballan con persoas inmigrantes.

      - 2.2. Identificación e transferencia de boas prácticas de integración.

- Vivenda

    - Obxectivo 1: Asesorar ás persoas inmigrantes na fase de asentamento inicial

      Medidas:
      - 1.1. Programas de información, asesoramento e orientación sobre recursos de aloxamento.

      - 1.2. Información e asesoramento para acadar a incorporación normalizada das persoas inmigrantes á vivenda.

    - Obxectivo 2: Facilitar o acceso á vivenda en aluguer da poboación inmigrante.

      Medidas:
      - 2.1. información e xestión sobre recursos para aluguer/compra de vivenda.

      - 2.2. Desenvolvemento de accións de mediación, (entre oferta e demanda de aluguer), co obxecto de garantir o acceso o alugamento en condicións de igualdade.

- Educación

    - Obxectivo 1: Garantir o acceso á educación en igualdade de condicións das nenas e nenos inmigrantes.

      Medidas:
      - 1.1. Información, orientación e acompañamento para o acceso e integración no sistema educativo.

      - 1.2. Actividades de prevención do absentismo escolar.

    - Obxectivo 2: Impulso da participación do alumnado inmigrante en actividades extraescolares.

      Medidas:
      - 2.1. Fomento da coordinación entre os centros educativos e o seu contorno, reforzando a participación dos alumnos/as inmigrantes en actividades extraescolares.

      - 2.2. Promover a participación das nais e pais de inmigrantes nas ANPA e nas entidades de lecer de ámbito local a través daquelas.

- Sociolaboral

    - Obxectivo 1: Potenciación do autoemprego entre o colectivo inmigrante.

      Medidas:
      - 1.1. Difusión dos programas e axudas existentes sobre emprendemento.

      - 1.2. Desenvolvemento de accións de asesoramento e acompañamento que contribúan á creación de pequenas empresas e proxectos de autoemprego.

    - Obxectivo 2: Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.

      Medidas:
      - 2.1. Accións de apoio á programas de conciliación da vida familiar e laboral.

- 2.2. Implementación de servizos complementarios de atención a persoas dependentes que permitan acceder ao coidador/a a accións formativas para mellorar a súa empregabilidade.

o Obxectivo 3: Favorecer a integración laboral.

Medidas:

- 3.1. Accións de apoio e información na busca activa de emprego.

- 3.2 Accións de apoio e información no acceso a accións formativas prelaborais

SEGUIMENTO E AVALIACION

Metodoloxía

A metodoloxía a utilizar terá un marcado carácter participativo, nela tódolos actores implicados poderán valorala consecución de obxectivos definidos en cada área de actuación.

Dende a coordinación do plan elaborarase un documento que permita que todos e todas poidan valorar cuantitativa e cualitativamente cada obxectivo en cuxo desenvolvemento se vexan implicados/as. Ó que de forma directa tódolos/as implicados/as poidan opinar sobre o seu deseño, ata acadar un modelo único.

Periodicidade

Establécense dous tempos para a avaliación,establecidos en relación o carácter bianual do PIR:

1.- Unha primeira avaliación os doce meses da súa implantación a fin de valorar o desenvolvido e a posible adaptación das actuacións de cara a corrixir erros ou baleiros que se deran no seu deseño orixinal o no seu desenvolvemento.

2.- Avaliación final.
O técnico encargado do PIR realizará, cos informes emitidos por tódolos participantes, un informe de avaliación final así como unha proposta de cara o novo PIR, na que se recollan as novas necesidades xurdidas ou as variacións que se consideren necesarias para o cumprimento dos fins que se perseguen.

Indicadores de seguimento

- Acollida

  * Definición de redes de coordinación entre os axentes implicados o acollida
  *nº de cursos de linguas oficiais.

- servizos sociais

  *nº de profesionais que reforzan os servizos de atención primaria para atender á poboación inmigrante
  *nº de profesionais en accións formativas en interculturalidad

- saúde

  *nº de programas de promoción da saúde e asistencia ás necesidades específicas da poboación inmigrante
  *nº de xornadas informativas sobre o acceso ao sistema sanitario

- vivenda

  *nº de inmigrantes/retornados participantes en programas de información e orientación sobre recursos de aloxamento na fase de asentamento inicial
  *nº de accións desenvolvidas para favorecer o acceso á vivenda en aluguer para inmigrantes/retornados

- educación

  *nº de actuacións realizadas para a prevención do absentismo escolar
  *nº de rapaces participantes en programas de apoio e compensación educativa
  *nº de actividades de carácter intercultural extraescolares

- sociolaboral

  *nº de itinerarios integrados de inserción sociolaboral para inmigrantes/retornados desenvolvidos
  *nº de proxectos de autoemprego promovidos entre inmigrantes/retornados.
  *nº de derivacións realizadas o II Plan de Inclusión Social de Galicia de persoas inmigrantes/retornadas.

- participación cidadá

*nº de accións de sensibilización cara ás persoas inmigrantes/retornadas, dando a coñecer as canles de participación cidadá e promovendo a súa participación
*nº de actuacións que faciliten a coordinación das asociacións de inmigrantes/retornados con outras entidades do contorno
*nº de aparicións do colectivo ou das actividades do PIR nos medios de comunicación escrita
*nº de intervencións nas radios de forma específica no Radio Municipal de Tui

- muller

*nº de mulleres participantes en programas de educación de adultos
*nº de actuacións tendentes a facilitar a integración das mulleres inmigrantes/retornadas víctimas da violencia de xénero.

- sensibilización social

*nº de actuacións de impulso da interculturalidade e a convivencia cívica en contornos veciñais
*nº de campañas de sensibilización dirixidas á sociedade de acollida.

GUÍA ACTUALIZADA DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN

Entidade: Concello de Tui

- Datos da entidade:
  - Dirección, Praza do Concello nº 1
  - Teléfono, 986603625
  - Correo electrónico :
    patriciaricon.concelleiros@concellotui.org
    carmen.ssociais@concellotui.org
    rebeca.ssociais@concellotui.org
    olga.ssociais@concellotui.org
    paula.ssociais@concellotui.org
  - páxina web: www.concellotui.org

- Programa ou servizo: servicios sociais comunitarios, educación familiar e prevención das drogodependencias, técnico de inmigración e retorno

Entidade: Concello de Tui

- Datos da entidade:
  - Dirección, Praza do Concello nº 1
  - Teléfono, 986603625
  - Correo electrónico : info@culturatui.info
  - páxina web: www.concellotui.org

- Programa ou servizo: Cultura

Entidade: Concello de Tui

- Datos da entidade:
  - Dirección, Área Panorámica. R/ Colon nº 2
  - Teléfono, 986607027
  - Correo electrónico : biblioteca@culturatui.info
  - páxina web: www.concellotui.org

- Programa ou servizo: Biblioteca

Entidade: Policía Local

- Datos da entidade:

    - Dirección, Praza da Inmaculada s/n
    - Teléfono, 986603677
    - Correo electrónico :
    - páxina web: www.concellotui.org

- Programa ou servizo: Policía Local

Entidade: Concello de Tui

- Datos da entidade:
    - Dirección, Praza do Concello nº 1
    - Teléfono, 986603625
    - Correo electrónico : paula.secretaria@concellotui.org
    - páxina web: www.concellotui.org

- Programa ou servizo: Asesora de Desenvolvemento Local

Entidade: Concello de Tui

- Datos da entidade:
    - Dirección, Guillarei, A Gándara s/n estrada Tui-Vigo km 4
    - Teléfono, 986603949
    - Correo electrónico : cfo@concellotui.org
    - Páxina web: www.concellotui.org

- Programa ou servizo: Centro Formación Municipal / Orientación Laboral.

Entidade: Seguridade Social

- Datos da entidade:
    - Dirección, Párroco Rodríguez Vázquez nº 3
    - Teléfono, 986603027
    - Correo electrónico :
    - páxina web: www.seg-social.es

- Programa ou servizo: CAISS

Entidade: Policía Nacional

- Datos da entidade:
    - Dirección, Párroco Rodríguez Vázquez nº 3
    - Teléfono, 986603600
    - Correo electrónico :
    - páxina web: www.policia.es

- Programa ou servizo: Estranxeiría

Entidade: Casa da Xuventude

- Datos da entidade:
    - Dirección, Rua Sanz s/n
    - Teléfono, 986 600568
    - Correo electrónico : informacionxuventude@yahoo.es
    - Páxina web:

- Programa ou servizo: Xuventude

Entidade: Xunta de Galicia. Presidencia. Secretaría xeral da Emigración

- Datos da entidade:
    - Dirección,
    - Teléfono,
    - Correo electrónico :
    - páxina web: http://galiciaaberta.xunta.es

- Programa ou servizo: Inmigración e retorno

Entidade: Consorcio Galego de servizos de Igualdade e Benestar

- Datos da entidade:
    - Dirección, rúa Emigrante , nº 6 baixo Gondomar 36380
    - Teléfono, 986 38 95 57
    - Correo electrónico : gondomar.inclusion@igualdadebenestar.org
    - Páxina web: www.igualdadebenestar.org

- Programa ou servizo: II Plan Galego de Inclusión Social

Entidade: Cáritas Tui-Vigo

- Datos da entidade:
    - Dirección, Avda García Barbón nº 104 baixo, Vigo
    - Teléfono, 986443310
    - Correo electrónico : cdtui_vigo@caritas-espa.org
    - páxina web : www.caritastui-vigo.org

- Programa ou servizo : Inmigrantes